

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015597	CPR Plurilingüe La Milagrosa	Santiago de Compostela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Relixión Católica	4º Inf.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	17

1. Introducción

Esta programación está deseñada para levarse a cabo no CPR Plurilingüe La Milagrosa, situado en Santiago de Compostela. No curso de 3 anos hai un total de 25 nenos e nenas, dos que só dous acuden a alternativa a relixión.

Con esta programación didáctica pretendemos contribuír o desenvolvemento físico, social, afectivo e intelectual dos nosos alumnos /as xa que a formación relixiosa parte da experiencia do neno de 3 a 5 anos con referencia os tres grandes ámbitos: comunicación e representación da realidade, crecemento e harmonía e descubrimento da contorna, os cales son tratados en mutua relación e interdependencia.

Atenderemos o seu progresivo desenvolvemento afectivo, facilitando a construción de novos vínculos e relacións, facilitaremos que os nenos/as elaboren unha imaxe positiva e equilibrada de sí mesmos, así como que adquiren autonomía persoal e hábitos do control corporal.

Promoveremos o descubrimento das características físicas, sociais e culturais do medio, e a adquisición de pautas elementais de convivencia e relación social, así como o desenvolvemento da comunicación e a linguaxe.

A experiencia relixiosa do neno medra o mesmo tempo que se desenrolan estes ámbitos e acerca o neno a claves principais da fe cristián motivando valores e actitudes básicas cristiáns, por iso, se vale dos elementos relixiosos católicos presentes no entorno, das imaxes e símbolos relixiosos, da linguaxe e demais recursos que fan posible a comprensión da experiencia relixiosa adecuada a súa idade.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, experimentar e expresar a identidade persoal a través do coñecemento do seu corpo e o desenvolvemento das súas capacidades afectivas e calidades, mediante o achegamento a figuras bíblicas e persoas significativas, para adquirir autonomía nas súas actividades cotiás e hábitos básicos de relación.	1			1	1			
OBX2 - Recoñecer, experimentar e apreciar as relacións persoais e coa contorna, desenvolvendo habilidades sociais e actitudes de respecto, a través de escóitaa e comprensión de narracións bíblicas, para promover valores da vida en comunidade e contribuír así á fraternidade humana.					1	1		
OBX3 - Observar, aceptar e gozar a diversidade persoal e social descubrindo nas súas contornas próximas situacións nas que poida cooperar no coidado da casa común, desde o recoñecemento dos valores da mensaxe e os feitos de Xesús de Nazaret, para xerar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia.						1	1	
OBX4 - Explorar e admirar diferentes contornas naturais, sociais, culturais e artísticas gozando das súas manifestacións máis significativas e descubrindo os seus valores cristiáns, para desenvolver creatividade, sensibilidade estética e sentido de pertenza.							1	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Descubrir, manifestar e xerar gusto por cultivar a súa interioridade, explorando pensamentos, emocións, sentimentos e vivencias, admirando diferentes expresións da tradición xudeocristiana e outras tradicións relixiosas, para crecer coa liberdade e seguridade necesarias que posibiliten o desenvolvemento da dimensión espiritual e as bases do propio sistema de valores e crenzas.	1				1	1		
OBX6 - Coñecer e apreciar a figura de Xesús de Nazaret e da comunidade eclesial, a través de relatos bíblicos e manifestacións relixiosas da contorna, para recoñecer o específico da tradición cristiá nun contexto social de pluralidade relixiosa.	1							1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Os meus novos amigos.	O comezo do curso é un acontecemento especial para todos os alumnos. A partir deste acontecemento, pretendemos que os alumnos se familiaricen con situacións cercanas a este primeiro día de colexio: novos amigos, novos profesores, novos espazos. Pero tamén queremos presentar os nenos e nenas a un amigo moi especial: Xesús, que sempre os vai a querer e acompañar.	7	X		
2	A festa de Nadal.	O Nadal é unha festa importante para os cristiáns, por eso queremos que a valores como un tempo de alegría e a asocien á celebración do nacemento de Xesús. Queremos que coñezan os símbolos e tradicións deste tempo e o ambiente festivo que se percibe. A chegada do Nadal transforma o entorno onde vivimos, pero, sobre todo, transforma o corazón das persoas que celebran o verdadeiramente importante do Nadal: O nacemento de Xesús, o Fillo de Deus.	6	X		
3	A familia de Xesús.	Nesta unidade presentamos unha experiencia familiar para comprender que Xesús tamén foi un neno e lle gustaban as mesmas cousas. Queremos que se aproximen a infancia de Xesús dende as súas vivencias. Destacamos valores e actitudes da vida familiar, a partir da vida de Xesús en familia. Agradecemos a Deus o feito de ter unha familia que nos quere, nos coida e nos protexe.	4		X	

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Deus coida de todos.	Nesta unidade presentamos a figura de Deus como un Pai bo que nos coida e se preocupa sempre de nós. Deus regálanos a creación, un lugar cheo de cousas fermosas para vivir e gozar. Queremos que os alumnos sintan a responsabilidade de coidalos e colaborar na súa conservación.	4		X	
5	A Semana Santa.	Nesta unidade acercamos aos alumnos o contexto da Semana Santa, dende unha perspectiva alegre e cercana a eles: a celebración do Domingo de Ramos. Descubrimos que, si acollemos e coidamos ós demais, tamén acollemos a Xesús no noso corazón. Identificamos algúns símbolos importantes para os cristiáns, propios desta festa.	4		X	
6	A nai de Xesús.	A partir da celebración do Día da Nai, queremos destacar os valores de amor, coidado e protección a familia e, en especial, a figura materna. A través do relato da anunciación, presentamos a María, a muller elixida por Deus para ser a nai de Xesús e de todos os cristiáns, e destacamos a súa alegría e valentía o aceptar un encargo tan importante. Aprendemos diversas maneiras de expresar os nosos sentimentos de cariño e gratitude cara María, a nosa nai do ceo.	5			X
7	O domingo é festa.	O domingo é un día especial para os cristiáns: reunímonos para celebrar a eucaristía. A partir das experiencias festivas do entorno dos alumnos, presentamos a eucaristía do domingo como unha gran festa na que os cristiáns celebran e recordan que son amigos de Xesús reuníanse para coidarse, celebrar e compartir o pan. Recordamos que a igrexa é o lugar de encontro para os cristiáns.	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Os meus novos amigos.	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola.	É quen de respectar aos seus amigos e de recoñecer os seus erros.	TI
CA1.4 - Desenvolver hábitos de acollida e amabilidade aprendidos a través de contos e narracións bíblicas sobre a vida en comunidade.	Recoñece situacións nas que usar as palabras grazas e por favor.	
CA1.8 - Recoñecer sentimentos e actitudes que fomenten o respecto, a compaixón e o perdón, observándoas en personaxes de narracións bíblicas.	Recoñece o valor do perdón no relato da Paixón de Xesús.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.10 - Expresar en diversas linguaxes os costumes sociais da contorna que reflicten a vivencia de valores cristiáns, mostrando respecto e aprecio.	É quen de contar algunha experiencia propia relacionada coa igrexa.	
CA1.15 - Describir as crenzas e valores, propias e doutros, comunicándoas con seguridade a través de diversas linguaxes, recoñecendo o silencio e a oración como elementos da experiencia es	Recoñece imaxes de algúns elementos relixiosos propios do cristianismo.	
CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas.	Recoñece a Xesús como protagonista nalgunha narración bíblica ou manifestacións artísticas.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión. - Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá. - Actitudes de amabilidade, acollida e gratitude como expresión de respecto aos demais. - Identidade cristiá e contorna social. - Identificación de costumes sociais e manifestacións culturais ou artísticas, como expresión da fe cristiá. - Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo.

UD	Título da UD	Duración
2	A festa de Nadal.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola.	É quen de respectar aos seus amigos e de recoñecer os seus erros.	TI
CA1.5 - Adquirir valores de escoita e agradecemento nas súas relacións sociais próximas para relacionarse cos demais de maneira asertiva.	É quen de escoitar e agradecer nas súas relacións sociais.	
CA1.8 - Recoñecer sentimentos e actitudes que fomenten o respecto, a compaixón e o perdón, observándoas en personaxes de narracións bíblicas.	Recoñece o valor do perdón no relato da Paixón de Xesús.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.11 - Coñecer as manifestacións culturais, relixiosas e artísticas, espertando hábitos de admiración, respecto, diálogo intercultural e sentido de pertenza.	Recoñece imaxes relacionadas cos templos cristiáns.	
CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubrindo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir	É quen de estar en silencio durante breves reflexións guiadas.	
CA1.15 - Describir as crenzas e valores, propias e doutros, comunicándoas con seguridade a través de diversas linguaxes, recoñecendo o silencio e a oración como elementos da experiencia es	Recoñece imaxes de algúns elementos relixiosos propios do cristianismo.	
CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas.	Recoñece a Xesús como protagonista nalgunha narración bíblica ou manifestacións artísticas.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión. - Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá. - A vida cristiá en comunidade. - Identidade cristiá e contorna social. - Recoñecemento de símbolos propios das festas relixiosas. - Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo.

UD	Título da UD	Duración
3	A familia de Xesús.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
--------------------------------	-------------------------------	-----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola.	É quen de respectar aos seus amigos e de recoñecer os seus erros.	TI
CA1.5 - Adquirir valores de escoita e agradecemento nas súas relacións sociais próximas para relacionarse cos demais de maneira asertiva.	É quen de escoitar e agradecer nas súas relacións sociais.	
CA1.7 - Propiciar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia, tomando como exemplo as palabras e accións de Xesús de Nazaret e recoñecendo a súa importancia para a construción dun mundo	Recoñece na figura de Xesús as actitudes máis axeitadas para a convivencia pacífica.	
CA1.11 - Coñecer as manifestacións culturais, relixiosas e artísticas, espertando hábitos de admiración, respecto, diálogo intercultural e sentido de pertenza.	Coñece algunha manifestación artística relacionada co cristianismo (igrexas, escultura).	
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Disfruta elaborando producións artísticas.	
CA1.15 - Describir as crenzas e valores, propias e doutros, comunicándoas con seguridade a través de diversos linguaxes, recoñecendo o silencio e a oración como elementos da experiencia es	Recoñece imaxes de algúns elementos relixiosos propios do cristianismo.	
CA1.17 - Distinguir as actitudes e valores propios da vida cristiá, escoitando narracións dos Evanxeos e dos Feitos dos Apóstolos e apreciando as accións de servizo na vida en comunidade.	Amosa ledicia pola celebración da Pascua de Xesús.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación. - Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión. - Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá. - Valoración dun clima de convivencia harmónico, inclusivo e pacífico construído entre todos: o diálogo e a empatía. - A vida cristiá en comunidade. - Identidade cristiá e contorna social. - Recoñecemento de símbolos propios das festas relixiosas. - A Biblia como comunicación de Deus coas persoas. - A familia de Xesús e a relación de Xesús cos seus discípulos.

UD	Título da UD	Duración
4	Deus coida de todos.	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Adquirir autonomía no coidado do seu corpo e na realización das súas actividades cotiás, atendendo ás indicacións establecidas en común para a aula.	É autónomo para facer algunhas actividades cotiás básicas.	TI
CA1.5 - Adquirir valores de escoita e agradecemento nas súas relacións sociais próximas para relacionarse cos demais de maneira asertiva.	É quen de escoitar e agradecer nas súas relacións sociais.	
CA1.10 - Expresar en diversas linguaxes os costumes sociais da contorna que reflicten a vivencia de valores cristiáns, mostrando respecto e aprecio.	É quen de contar algunha experiencia propia relacionada coa Igrexa.	
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Disfruta elaborando producións artísticas.	
CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubríndoo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir	É quen de estar en silencio durante breves reflexións guiadas.	
CA1.17 - Distinguir as actitudes e valores propios da vida cristiá, escoitando narracións dos Evanxeos e dos Feitos dos Apóstolos e apreciando as accións de servizo na vida en comunidade.	Amosa ledicia pola celebración da Pascua de Xesús.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación. - O coidado e o respecto do corpo e da natureza na visión cristiá. - Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores. - Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión. - A vida cristiá en comunidade. - Identidade cristiá e contorna social. - Identificación de costumes sociais e manifestacións culturais ou artísticas, como expresión da fe cristiá. - A relación da persoa con Deus e as súas expresións comunitarias: a Igrexa.

UD	Título da UD	Duración
5	A Semana Santa.	4

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.4 - Desenvolver hábitos de acollida e amabilidade aprendidos a través de contos e narracións bíblicas sobre a vida en comunidade.	Recoñece situacións nas que usar as palabras grazas e por favor.	TI
CA1.7 - Propiciar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia, tomando como exemplo as palabras e accións de Xesús de Nazaret e recoñecendo a súa importancia para a construción dun mundo	Recoñece na figura de Xesús as actitudes máis axeitadas para a convivencia pacífica.	
CA1.10 - Expresar en diversas linguaxes os costumes sociais da contorna que reflicten a vivencia de valores cristiáns, mostrando respecto e aprecio.	É quen de contar algunha experiencia propia relacionada coa Igrexa.	
CA1.11 - Coñecer as manifestacións culturais, relixiosas e artísticas, espertando hábitos de admiración, respecto, diálogo intercultural e sentido de pertenza.	Recoñece imaxes relacionadas cos templos cristiáns.	
CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas.	Recoñece a Xesús como protagonista nalgunha narración bíblica ou manifestacións artísticas.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión. - Valoración dun clima de convivencia harmónico, inclusivo e pacífico construído entre todos: o diálogo e a empa-tía. - Actitudes de amabilidade, acollida e gratitude como expresión de respecto aos demais. - Identidade cristiá e contorna social. - Identificación de costumes sociais e manifestacións culturais ou artísticas, como expresión da fe cristiá. - Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo. - Calendario litúrxico e celebracións cristiás.

UD	Título da UD	Duración
6	A nai de Xesús.	5

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
------------------------	------------------------	----

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola.	É quen de respectar aos seus amigos e de recoñecer os seus erros.	TI
CA1.5 - Adquirir valores de escoita e agradecemento nas súas relacións sociais próximas para relacionarse cos demais de maneira asertiva.	E quen de escoitar e agradecer nas súas relacións sociais.	
CA1.7 - Propiciar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia, tomando como exemplo as palabras e accións de Xesús de Nazaret e recoñecendo a súa importancia para a construción dun mundo	Recoñece na figura de Xesús as actitudes máis exeitadas para a convivencia pacífica.	
CA1.10 - Expresar en diversas linguaxes os costumes sociais da contorna que reflicten a vivencia de valores cristiáns, mostrando respecto e aprecio.	É quen de contar algunha experiencia propia relacionada coa Igrexa.	
CA1.15 - Describir as crenzas e valores, propias e doutros, comunicándoas con seguridade a través de diversas linguaxes, recoñecendo o silencio e a oración como elementos da experiencia es	Recoñece imaxes de algúns elementos relixiosos propios do cristianismo.	
CA1.17 - Distinguir as actitudes e valores propios da vida cristiá, escoitando narracións dos Evanxeos e dos Feitos dos Apóstolos e apreciando as accións de servizo na vida en comunidade.	Amosa ledicia pola celebración da Pascua de Xesús.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión. - Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá. - Valoración dun clima de convivencia harmónico, inclusivo e pacífico construído entre todos: o diálogo e a empatía. - A vida cristiá en comunidade. - Identidade cristiá e contorna social. - Identificación de costumes sociais e manifestacións culturais ou artísticas, como expresión da fe cristiá. - A figura da Virxe María.

UD	Título da UD	Duración
7	O domingo é festa.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
--------------------------------	-------------------------------	-----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola.	É quen de respectar aos seus amigos e de recoñecer os seus erros.	TI
CA1.5 - Adquirir valores de escoita e agradecemento nas súas relacións sociais próximas para relacionarse cos demais de maneira asertiva.	E quen de escoitar e agradecer nas súas relacións sociais.	
CA1.7 - Propiciar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia, tomando como exemplo as palabras e accións de Xesús de Nazaret e recoñecendo a súa importancia para a construción dun mundo	Recoñece na figura de Xesús as actitudes máis axeitadas para a convivencia pacífica.	
CA1.10 - Expresar en diversas linguaxes os costumes sociais da contorna que reflicten a vivencia de valores cristiáns, mostrando respecto e aprecio.	É quen de contar algunha experiencia propia relacionada coa Igrexa.	
CA1.15 - Describir as crenzas e valores, propias e doutros, comunicándoas con seguridade a través de diversas linguaxes, recoñecendo o silencio e a oración como elementos da experiencia es	Recoñece imaxes de algúns elementos relixiosos propios do cristianismo.	
CA1.17 - Distinguir as actitudes e valores propios da vida cristiá, escoitando narracións dos Evanxeos e dos Feitos dos Apóstolos e apreciando as accións de servizo na vida en comunidade.	Amosa ledicia pola celebración da Pascua de Xesús.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Relatos bíblicos e biografías doutros personaxes da cultura da contorna que poñen de manifesto o valor da interioridade e a experiencia relixiosa. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comuñón. - Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá. - Valoración dun clima de convivencia harmónico, inclusivo e pacífico construído entre todos: o diálogo e a empatía. - A vida cristiá en comunidade. - Identidade cristiá e contorna social. - Identificación de costumes sociais e manifestacións culturais ou artísticas, como expresión da fe cristiá. - A relación da persoa con Deus e as súas expresións comunitarias: a Igrexa.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía para a materia de relixión católica fundaméntase na atención personalizada ao alumnado, na diversidade de actividades, estratexias, en experiencias de aprendizaxe significativo e emocionalmente positivas, no coidado do desenvolvemento afectivo e cognitivo dos alumnos e alumnas, no aprendizaxe individualizado e cooperativo, na relación dos aprendizaxes coa contorna, nun enfoque competencial orientado á acción, ao emprendemento e á aplicación dos saberes.

Para a atención personalizada, na aula utilizamos dinámicas de educación emocional e comunicación empática. O método de traballo pode ser individual ou cooperativo, en grupo pequeno ou con todo o grupo-clase: realizaranse tarefas que promovan a colaboración, non a competitividade, e aplicaranse técnicas de traballo formal e non formal. Aplicaremos os principios do DUA (Deseño Universal de Aprendizaxe) proporcionando varios xeitos de implicación, múltiples formas de representación da información e múltiples formas de acción e expresión do aprendizaxe. Trátase de que todo o alumnado teña oportunidade de aprender.

A nivel máis concreto usaremos situacións de aprendizaxe que recrean na aula situacións significativas e cotiás do entorno persoal, familiar, social e cultural dos nenos e nenas e que se refiren ás súas necesidades e intereses.

A complexidade dos retos e problemas que presentan estas situacións serán axeitados ao desenvolvemento do alumnado. As actividades que se programen terán que provocar o diálogo, o pensamento creativo e autónomo, o bó trato, a convivencia e o respecto á diferenza.

Outra metodoloxía fundamental nesta etapa é o xogo. Utilizaranse xogos que traballen e desenvolvan a atención, memoria, imaxinación, creatividade, comunicación e a expresión en diferentes linguaxes.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material elaborado e imprimible das sete unidades didácticas
Adhesivos
Troqueles
CD con canción e narracións
Láminas cos relatos bíblicos
Láminas de arte asociadas os relatos bíblicos
Puzzles interactivos con imaxes de relatos bíblicos
Contos
Murais interactivos
Monicreque das emocións e mascota
Materiais audiovisuais*
Materiais funxibles para producións artísticas (ceras de cores, lápices, témperas, gomets, rotuladores...)

*Os materiais audiovisuais que se utilizan son curtametraxes, contos ou fábulas, vídeos ou audicións de rutinas de interiorización guiadas.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Facer unha avaliación inicial permítenos apreciar os coñecementos previos do alumnado para realizar as adaptacións oportunas e necesarias e poder partir dos seus coñecementos previos á hora de levar a cabo o desenvolvemento das diferentes secuencias didácticas e actividades.

Neste nivel usaremos unha rutina de pensamento visual coa finalidade de explorar o grao de coñecemento sobre os personaxes bíblicos e diferentes elemento relixiosos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

A avaliación en Educación Infantil será global, continua e formativa e levarase a cabo de xeito sistemático.

Os criterios na Educación infantil pretenden ser para o profesor algúns indicadores na avaliación continua e observación do alumnado co fin de reconducir o seu propio aprendizaxe. O criterio esencial é coñecer ao neno ou nena e axudarlle no seu crecemento.

Farase a partir da análise das producións do alumnado, as escalas de valoración ou cotexo, e a observación directa e sistemática, observando as condutas e os comportamentos dos nenos e nenas, as relacións que establecen cos seus iguais e os procesos de ensino e aprendizaxe.

Como en todas as áreas de Ed. Infantil, na avaliación valórase sobre todo o progreso e o grao de consecución dos obxectivos, así como o interese do alumnado.

Criterios de recuperación:

En calquera clase de educación infantil hai alumnos e alumnas con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación.

A diversidade de actividades, materiais e estratexias utilizados posibilita que todo o alumnado poida atopar algún que estea de acordo co seu estilo e ritmo de aprendizaxe.

Algunhas destas actividades actúan como unha extensión para aqueles alumnos sen dificultades, e outras ofrecen un reforzo para aqueles que necesitan máis apoio. O obxectivo de que todo alumno/a participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e acade o éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese.

6. Medidas de atención á diversidade

A atención educativa á diversidade é o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Ten como finalidade favorecer ao desenvolvemento persoal e social de cada un dos alumnos e alumnas e o seu potencial de aprendizaxe facilitándolles a adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos xerais previstos.

Ríxese polos principios de normalización e inclusión, equidade e igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción de convivencia.

- O primeiro paso será identificar o tipo de dificultades que ten un alumno ou alumna xa que poden deberse a dificultades

específicas, problemas emotivo - relacionais e/ou de conduta, altas capacidades intelectuais ou condicións persoais ou de historia escolar moi desfavorable.

- Porase especial coidado en formar grupos heteroxéneos no traballo colaborativo que favorezan a inclusión de todo o alumnado.

- Favorecer a aprendizaxe con materiais manipulativos que poidan facilitar o desenvolvemento dos alumnos e alumnas.

- Fomentar a mellora do autoconcepto e a autoestima, aprendendo a reflexionar sobre si mesmos.

- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.

-Reforzar os logros, por pequenos que sexan, para motivar os/as alumnos/as nas aprendizaxes.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Educación para á paz.	X	X	X	X	X	X	
ET.2 - Educación para a igualdade de xénero	X		X	X	X		X
ET.3 - Educación para a saúde				X		X	
ET.4 - Educación para a sustentabilidade e a ecoloxía	X						
ET.5 - Educación para o consumo responsable		X					X
ET.6 - Educación para a solidariedade	X	X	X	X	X	X	

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participar na decoración do colexio para celebrar o Nadal.	Elaborar adornos para decorar o colexio e aula.	X		
Visita e observación do Belén que se fai no colexio.	Saír da aula para ver o Belén que está situado na galería.	X		
Celebración do Día da Paz.	Acudiremos e colaboraremos na celebración que fai todo o colexio pola Paz.		X	
Visitaremos o coro e rondalla do colexio para escoitar e participar nas panxoliñas de Nadal.	Aprenderemos algunha canción e participaremos no canto o Belén que fai a rondalla e coro do colexio.	X		

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Realizo a miña programación de aula de forma coherente e meditada.
Utilizo a avaliación para favorecer a aprendizaxe.
Fomento a autoavaliación e a coavaliación.
Reflexiono sobre o meu exercicio docente establecendo puntos febles e fortes.

Metodoloxía empregada
Creo materiais didácticos para apoiar o aprendizaxe.
Aplico diversas metodoloxías para promover o aprendizaxe activo.
Realizo actividades baseadas no aprendizaxe cooperativo.
Vinculo o aprendizaxe ca vida real.
Emprego técnicas e instrumentos de avaliación variados que orienten o alumnado para o seu desenvolvemento.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Potencio a participación dos alumnos na aula.
Medidas de atención á diversidade
Adapto as actividades a diversidade da aula.
Outros
Realizo formación para mellorar como profesional máis alá da que me proporciona e suxire o centro.

Descrición:

A avaliación é un elemento esencial no proceso de ensinanza-aprendizaxe e debe aplicarse tanto na aprendizaxe dos alumnos coma na revisión da práctica docente. Recoller sistemáticamente información relevante sobre a nosa práctica docente permítenos reaxustar a intervención educativa de acordo coas aprendizaxes reais do alumnado. A finalidade non é outra que mellorar o proceso de aprendizaxe de cada alumno, o funcionamento do grupo clase, a nosa propia práctica e o funcionamento do centro escolar.

Utilizaremos como ferramenta de autoavaliación docente unha lista de control de diferentes ítems Esta lista pretende ser unha guía para revisar a nosa actividade docente e poder crear a partir das nosas repostas novas liñas de mellora cara o próximo curso. Para cumprimentar esta lista de control debemos marcar a casilla na que nos atopamos en relación o ítem exposto. Para iso dispoñemos de catro niveis de frecuencia: Nivel 1: pouco. Nivel 2: ás veces. Nivel 3: frecuentemente. Nivel 4: sempre.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Revisaremos a programación trimestralmente. Como instrumento de avaliación empregaremos un cadro no que se reflicten diferentes aspectos:

- Motivación inicial do alumnado e durante todo o proceso.
- Presentación dos contenidos.
- Recursos e organización.
- Clima da aula.
- Seguimento/control de ensino/aprendizaxe.
- Diversidade.

Como propostas de mellora destacamos a optimización dos tempos nas sesións.

9. Outros apartados